

PEZA DO MES

decembro

2007



CRUZ PROCESIONAL CON ESMALTES



CRUZ PROCESIONAL CON ESMALTES

Ao longo da historia a Igrexa empregou a arte como vehículo de expresión relixiosa e de formación do pobo. A arte sacra naceu para o culto e a devoción do pobo cristián, e as obras son produto de cada época histórica nas que se revela a súa idiosincrasia, programa ideolóxico e mentalidade. A poderosa presenza escénica da liturxia medieval estaba configurada pola sensorial simbiose de arquitectura, escultura, pintura, ourivería, tecido, incenso e música creando un profundo ambiente espiritual. Por elo, a Igrexa era o principal cliente dos ourives. As pezas de uso pontifical, como báculos, cetos e mitras, estaban destinadas ás sés catedralicias; as de carácter litúrxico, como custodias, cruces procesionais, copóns, cálices, incensarios, portapaces ou crismas, eran requeridas por tódolos templos parroquiais e igrexas conventuais.

Entre os obxectos que constitúen o enxoval litúrxico a cruz procesional será un dos máis relevantes. Destinada á exhibición pública en procesións relixiosas búscase dotada do maior realce e ostentación, pois é o símbolo da parroquia e o que a diferencia doutras. A confección da cruz "maior" mobilizou a economía de cada freguesía recurrido en moitos casos aos donativos para costeala; así doadores particulares, movidos pola devoción, en vida ou por testamento, encargaron estas obras, que ademais da súa utilidade nas celebracións sagradas, son testemuñas da piedade e da xenerosidade dos cristiáns evidenciando o gran interese que existe entorno a estas pezas. As cruces procesionais, ao ser o distintivo por excelencia da parroquia ou confraría que representaba, foi sempre elemento de elaboración moi coidada, sendo motivo de orgullo para os fregueses e orixe de rivalidades entre os diversos templos e por elo está presente ata nas máis humildes capelas, normalmente unha por parro-

quia, aínda que algunhas teñen unha cruz de metal precioso, prata na súa cor ou sobredourada para as celebracións das festas principais e relegan a cruz de latón ou bronce para o culto ordinario.

Tamén os mosteiros encargaron cruces procesionais para abrir, alzadas, os cortexos sobrios da liturxia que deambulaban cantando salmodias polo claustro ou se achegaban ao cemiterio a despedir con responsos aos monxes defuntos. E, coma nas parroquias, era exhibida en alto para que, ao fronte das procesións, fosen o centro de tódalas miradas e guía para os fieis, simbolizando deste xeito a vida do cristián que debe de ir trala cruz de Cristo. Na Idade Media considérase á cruz como signo sobrenatural da victoria. O programa iconográfico desenvolvido nesta época ratifica a dualidade que simboliza a cruz: morte e salvación ao mesmo tempo. Acadou gran popularidade o tema do crucificado que perde os símbolos de trunfo para adquirir un contido dramático pois se sacrifica no calvario. A carón de Xesús como home morto aparece tamén a dor de María.

Coa arte gótica ábrese un capítulo de singular importancia para a ourivería española e particularmente para a castelán-leonesa. As cruces procesionais constitúen o maior número de pezas conservadas, cantidade suficiente para establecer unha clasificación tipolóxica. A evolución partiría da cruz grega patada do século XII, pasando ao modelo máis xeneralizado, o de brazos rectos con terminacións flordelisadas e expansións cuadrilobuladas, con cabuxóns e esmaltes dos séculos XIII e XIV, pervivindo no século XV. A medida que a cronoloxía das pezas se aproxima ao século XVI, é máis frecuente que a terminación dos brazos adopte formas treboladas, as veces de perfil conopial. Xorden tamén as cruces de brazos cilíndricos. Un modelo moi interesante é o denominado "de gallos" ou nós, no que a árbore está salpicada de pequenos cilindros semellando pólas cortadas do tronco identificándose á cruz coa Árbore da Vida; este modelo relaciónase co prateiro alemán Enrique de Arfe, quen foi o creador da cruz de brazos rectos con cuadróns e terminacións circulares que supón un importante avance estrutural cara a formas renacentistas. Os pés das cruces responden ao tipo de mazá esférica achatada, con esmaltes en cabuxón sobre o perímetro diametral; outra posibilidade é o pé en casteliño hexagonal de dous pisos; os ourives compoñen auténticas arquitecturas en miniatura con ventás, arbotantes, pináculos, esculturas e alusións ás vidreiras con esmaltes.





Esta peza que conserva o Museo Arqueolóxico, co número de rexistro 547, pertence á tipoloxía de brazos cilíndricos lisos e ocos por dentro xa que a estrutura é un núcleo de madeira que recibe o nome de “alma”, revestida coa lámina de latón á que se superpoñen por medio de soldadura os elementos decorativos e as figuras. Trátase dunha cruz latina en latón dourado, produto da aleación de cobre e cinc, de 58x36cm, datable cara a 1500. Técnicamente predominan o cincelado, a fundición e o repuxado. Nos extremos presenta decoración dunha cenefa con moldura sogueada e un friso con crestería de flor de lis –motivos moi usuais– que ademáis serven para ocultar o empate das esferas que os rematan. A parte exterior destas bolas decórase con seis vástagos ondulados en disposición radial que só se conservan na esfera superior. Destinada a ir sobre o extremo dun pao ou astil, está dotada para a súa colocación dun canón oco que é cilíndrico e liso. A mazá é achatada e decórase cun repuxado de follas lanceoladas de contorno refundido, en dúas filas, formando seis rombos onde resaltan seis cabuxóns que encerran esmaltes con bustos de apóstolos barbados e de perfil sen atributo que os identifique. Só dous se conservan íntegramente pois son elementos fráxiles que saltan con facilidade. A ourivería gótica embeleceuse co cromatismo brillante do esmalte translúcido, por contraposición ao opaco do románico. Esta pasta vidrosa feita con sílice e óxidos metálicos colorantes coma o óxido de cobalto (azul) ou cinc (branco) aplícase sobre o metal e fúndese a altas temperaturas. O país creador foi probablemente Italia, pero tamén os atopamos en Francia, Alemaña e en España, especialmente na Coroa de Aragón.

Conserva no anverso a figura fundida de Cristo Crucificado, no que se aprecia un maior coidado na execución da cabeza fronte ao resto do corpo, con incisións anatómicas e liñas quebradas no pano de pureza en certa tendencia cara a formas máis redondeadas e un naturalismo máis humano. Corresponde claramente a un típico crucifixo gótico, cos pés de Cristo suxeitos á cruz

por só tres cravos no canto dos catro que soía ter no período románico o que fai desaparecer o paralelismo dos pés que se dispoñen en aspa. Tampouco leva a coroa real senon a de espiñas pois non é un cristo en maxestade. A pesar de todos estes detalles, a actitude corporal e a súa expresión non se corresponden todavía co espírito propio do pleno estilo gótico pois os seus rasgos fisionómicos non expresan dor nin o seu corpo ten a tensión propia dun martirio tan cruel. A cabeza inclínase cara o ombreiro dereito amosando un rostro de aparente impasibilidade, cos ollos e a boca pechados. Os brazos, horizontais, alinéanse ao travesaño e as mans esténdense completamente cos dedos xuntos e o pulgar separado. O *perizonium* ou pano de pureza perde a verticalidade románica e vaise acortando ao estar recollido sobre a perna dereita. Os rasgos principais que diferencian á escultura gótica respecto da románica é a progresiva humanización, demostrando coas actitudes e expresións, sentimentos que o achegan ao fiel que o contempla.

A peza sufriu arranxos por mor das fisuras no metal así coma unha desafortunada remodelación na que se substituíron os cravos por uns moi toscos e desproporcionados. Apréciase os buratos para colocar, no reverso, a Virxe co Neno así como as placas cuadrilobuladas que representan aos Evanxelistas (unha no anverso e tres no reverso completando o Tetramorfos) desaparecidas todas elas. Non se localizaron marcas de ourive nin temos datos documentais da súa procedencia, agás que foi adquirida pola Comisión Provincial de Monumentos.


Cruces do mesmo tipo son a cruz parroquial de Esposende (Ribadavia, Ourense), a de Villafeliz de Babia (León) e a de Sorzano na Rioxa, atopándose exemplos moi similares en León, Valladolid, Palencia, Zamora, Santander e Navarra o que nos fala da ampla difusión e aceptación deste modelo de cruz procesional.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, se facilita a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O solar foi ocupado dende época romana— da que fican algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engádegas e modificacións ate configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa a carón do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

O horario de visita é o seguinte:

Mañá: martes a domingo, de 9,30 a 14,30h

Tarde: martes a sábado, de 16,00 a 21,00h

Permanece pechado os luns e festivos

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na ubicación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

Horario de atención ao público: de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: M^a del Pilar Núñez Sánchez.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE